

PROGRAMACIÓN DE SALA

MÉRCORES 19 maio

21,00h. Auditorio Multiusos Redondela. + 14 anos.
"Em concerto" CONTADORES DE ÉSTORIAS (Brasil)

XOVES 20 maio

19,00h. e 21,00h. Auditorio Multiusos Redondela. +10 anos.
"Mano viva" GIROVAGO E RONDELLA (Italia)

VENRES 21 maio

17,00h. a 20,00h. Rúa Meixón Frío.
Obradoiro infantil de construción de títeres.

18,00h. A Tenda de Candelaria.
Entrega de premios do concurso de construción de títeres.

21,00h. Auditorio Multiusos Redondela. +5 anos.
"Rúa Aire" EL RETRETE DE DORIAN GRAY (Galicia-Cataluña)

SÁBADO 22 maio

17,00h. Auditorio Multiusos Redondela. Infantil.
"Mal de cloca (Me duele el caparazón)" TAAAT (Cataluña)

21,00h. Auditorio Multiusos Redondela. + 10 anos.
"Les funestes épousailles de Don Cristóbal" PELELE MARIONNETTES (Francia)

DOMINGO 23 maio

13,00h. e 17,00h. Auditorio Multiusos Redondela. Todos os públicos.
"Embolica a la granja" LA BALDUFA (Cataluña)

21,00h. Auditorio Multiusos Redondela. Todos os públicos.
"No toquen mis manos" VALERIA GUGLIETTI (Argentina)

Prezos: Nen@s 3 € - Adult@s 5 € - Apertura de billeteira dúas horas antes de cada función (Sábado: 16,00h. Domingo: 12,00h. e 16,00h.) Aforo limitado.

PROGRAMACIÓN DE RÚA

SABADO 22 maio

12,00h. Praza do Concello. C'É ORQUESTRA PANTASMA.

13,00h. Praza do Concello. "Chapeau loco" MARIONETAS EN LIBERTAD.

16,30h. Xardíns da Alameda. THE TURRE'S BAND.

17,00h. Praza Reveriano Soutullo. "Retablillo de títeres y cuentos" RODORÍN.

17,30h. Praza do Concello. "A danza das marionetas" PLANSJET POPPENTHEATER.

17,45h. Reveriano Soutullo - Alfonso XII. OS CROQUETAS.

18,00h. Praza da Alfóndiga. "Mamulengo Jatoba" COMPAGNIE JATOBA.
Pista da Xunqueira. "Colors de monstre" TOMBS CREATIUS (ata 21,30 hs.)
THE TURRE'S BAND.
Xardíns da Alameda - Concello. C'É ORQUESTRA PANTASMA.

19,00h. Xardíns da Alameda. "Gran Circo de Liliput" MARIONETAS EN LIBERTAD.
Praza Reveriano Soutullo. "Retablillo de títeres y cuentos" RODORÍN.
Pista da Xunqueira. OS CROQUETAS.

19,30h. Praza do Concello. "A danza das marionetas" PLANSJET POPPENTHEATER.
Casa da torre. THE TURRE'S BAND.

20,00h. Alfonso XII - Ribeira "Drago" LA BALDUFA.
Xardíns da Alameda. "Gran Circo de Liliput" MARIONETAS EN LIBERTAD.
Praza da Alfóndiga. "Mamulengo Jatoba" COMPAGNIE JATOBA.

20,30h. Praza Casa da Torre. "Circo Poético" GIROVAGO E RONDELLA.

21,00h. Praza do Concello. "A danza das marionetas" PLANSJET POPPENTHEATER.

22,00h. Paseo da Xunqueira. OS CROQUETAS.

DOMINGO 23 maio

12,00h. Praza do Concello. OS CROQUETAS.

12,30h. Xardíns da Alameda. "Gran Circo de Liliput" MARIONETAS EN LIBERTAD.

13,00h. Praza do Concello. "A danza das marionetas" PLANSJET.

13,30h. Xardíns da Alameda. "Gran Circo de Liliput" MARIONETAS EN LIBERTAD.

16,30h. Praza do Concello. C'É ORQUESTRA PANTASMA.

17,00h. Praza do Concello. "Mamulengo Jatoba" COMPAGNIE JATOBA.
Praza Reveriano Soutullo. "Retablillo de títeres y cuentos" RODORÍN.

17,30h. Alameda. OS CROQUETAS.

18,00h. Praza Casa da Torre. "Circo Poético" GIROVAGO E RONDELLA.
Pista da Xunqueira. "Colors de monstre" TOMBS CREATIUS (ata 21,30h.)
THE TURRE'S BAND.
Xardíns da Alameda. "Chapeau loco" MARIONETAS EN LIBERTAD.
Alfonso XII. C'É ORQUESTRA PANTASMA.

19,00h. Praza Fonte de Santiago. THE TURRE'S BAND.
Xardíns da Alameda. "A familia Nolfini. Os cómicos do Camiño" BONECA LARETA.

19,30h. Praza Reveriano Soutullo. "Mamulengo Jatoba" COMPAGNIE JATOBA.
Alfonso XII. OS CROQUETAS.
Pista da Xunqueira. C'É ORQUESTRA PANTASMA.

20,00h. Xardíns da Alameda. "Chapeau loco" MARIONETAS EN LIBERTAD.

20,15h. Praza Reveriano Soutullo. THE TURRE'S BAND.

20,30h. Rúas Alfonso XII - Ribeira. "Drago" LA BALDUFA.

21,00h. Praza Casa da Torre. "Circo Poético" GIROVAGO E RONDELLA.
Praza do Concello. "A danza das marionetas" PLANSJET.
Paseo da Xunqueira. C'É ORQUESTRA PANTASMA.

22,00h. Paseo da Xunqueira. OS CROQUETAS.



XACOBEO 2010
Galicia



CONTADORES DE ESTÓRIAS (Brasil)

Dende as grandes máscaras que compoñían os seus primeiros traballos en 1971, ata os bailaríns que formaban a compañía nos anos 80/90, pasando polos pequenos monecos que fixeron famoso o grupo, os Contadores de Estórias son una compañía adicada ao estudo, investigación e experimentación da linguaxe escénica. En 1981 establécense en Paraty (Brasil) onde crean un teatro estable no que propoñen e desenvolven proxectos educativos e formativos, e representan tamén os seus espectáculos, cos que visitan os festivais máis importantes do mundo.

“En concerto” (Manipulación directa)

Esta técnica de manipulación, combinada co emprego dunha temática pouco habitual no teatro de monicreques constitúe a marca rexistrada do grupo. Máis que un espectáculo ao uso, a proposta formada por sete historias independentes e sen palabras, é unha suxestión continua de camiños abertos e cheos dunha emoción delicada e intensa.


Día 19.5.2010, ás 21:00 horas. Auditorio Multiusos Redondela (+14 anos).



GIROVAGO & RONDELLA FAMILY THEATRE (Italia)

Trátase dunha das poucas “familias de arte” contemporáneas en Italia. Tras diversas experiencias en mimo, música e artes aplicadas, Girovago e Rondella coñecéronse en Rodas no ano 1987. Estiveron despois, durante sete anos presentando os seus espectáculos nas illas gregas e na costa turca. E foron chegando os fillos: Rugiada, Timoteo e Tommaso que atoparon o seu lugar no escenario.

Os seus innovadores espectáculos foron evolucionando ata convertérense nunha realidade singular, sen parangón con outros artistas de rúa.



“Mano viva” (Monecos de man)

Un mundo fantástico onde as mans, sen palabras, contan historias creando un universo único en miniatura, onde todo é posible e real. En plena era tecnolóxica redescubrimos a experimentación e o emprego das mans de forma libre, expresiva e creativa. Os artistas transforman as súas en dous increíbles personaxes que son quen de exhibirse en números e acrobacias mellor que moitos humanos. Unha montaxe nova que impactará pola súa habilidade dactilar.

Día 20.5.2010, ás 19:00 e 21:00 horas. Auditorio Multiusos Redondela (+10 anos)

“Circo Poético” (Teatro de rúa)

Os cinco membros da familia saen a escena. Neste circo popular, surrealista e cheo de cores, os artistas e os monecos creados con goma espuma e cartón pedra, e tamén con moito amor, recrean a máxica atmosfera circense, con números rápidos de malabarismo, mimo, equilibrio... .

Con música en directo, este orixinal espectáculo, con máis de 20 anos de historia, afonda nas raíces da máis nobre tradición do teatrodell'arte que, como tantas outras cousas, semella ter desaparecido para sempre.



Día 22.5.2010, ás 20:30 horas. Praza da Casa da Torre.

Día 23.5.2010, ás 18:00 e 21:00 horas. Praza da Casa da Torre.

EL RETRETE DE DORIAN GRAY (Galicia-Cataluña)

Rúa Aire supón unha renovación e unha corrente de aire fresco no panorama teatral e de monicreques. A experimentación da compañía O Retrete de Dorian Gray, iniciada na súa peza Ne Me Quítte Pas, baseada na construción de monicreques con globos, mostra agora este pesadelo inflábel, esta viaxe polas entrañas dunha máquina de procesado de globos, polos resortes da fantasía, que demostrarán a todos que non é tan doado ser un globo. E menos se estás no Retrete de Dorian Gray.

“Rúa Aire” (Monecos con globos)

En co-produción co Centro Dramático Galego, o espectáculo presenta unha vetusta máquina de procesado e inflado de globos, dous operarios co seu xefe de baixa por depresión e unha xénesese nada máis comezar: un puñado de globos emperrados en vivir, unha ducha accidentada, unhas malvadas tesoiras de ideas fixas, o vento que chama á porta, un país vítima dunha praga de bolsas de plástico, unha bomba pneumática con patas...

E un final que coincide coa conclusión da obra...

Día 21.5.2010, ás 21:00 horas. Auditorio Multiusos Redondela (Todos os públicos).



TAAAT (Cataluña)

Destá maneira tan curiosa chámase o novo proxecto de Farrés Brothers y Cía, unha nova formación producida nesta compañía, onde elaboran espectáculos dirixidos a un público entre os tres e os seis anos pero sen descoidar os máis grandes e tampouco os seus pais: uns tíranlle proveito e outros pasan un bo momento.

Como din eles: “a cada oído a súa ollada, a cada ollo o seu escoitar . . .”

“Mal de clozca (Dóeme a cuncha)” (Manipulación de obxectos)

A tartaruga Juan dóelle a cuncha. Nin as visitas, nin os regalos, nin as sopiñas conseguen aliviarlle a dor. Terán que levalo ao cunchólogo. Pero a Juan isto non lle fai ningunha graza, porque . . . iquen non teme ir ao médico?... Un espectáculo para revivir con tenrura os temores infantís arredor da medicina, xogando co poder expresivo dos obxectos.

Día 22.5.2010, ás 17:00 horas. Auditorio Multiusos Redondela (Todos os públicos).



PELELE MARIONNETTES (Francia)

Hai uns anos visitounos Don Cristóbal, da man da titiriteira Paz Tatay e a súa compañía. Daquela o vello avaro tentaba fuxir das traxadas da súa vella serventa. Un argumento típico da tradición dos monecos de luva mediterráneos, recreado con grande calidade na manipulación dos monecos e cunha agradable e completa atmosfera musical interpretada ao vivo..

“Les funestes épousailles de Don Cristóbal” (Monicreques de luva)

Don Cristóbal, vello misántropo solitario, vive feliz rodeado da súa fortuna. Pero dende hai algún tempo unha muller misteriosa enfeitiza os seus sonos. Quen é ela?


O vello lánzase na súa busca. ¿A onde o levarán os tortuosos camiños do amor? ¿Atopará a súa felicidade? ¿Saberá esquivar as inevitables trampas do destino? ¿Verase abocado, como di o título, a un funesto casamento?

Día 22.5.2010, ás 21:00 horas. Auditorio Multiusos Redondela (+ 10 anos).



LA BALDUFA (Cataluña)

Levan en activo dende o ano 1996 e proveñen da cidade de Lleida. Ofrecen espectáculos de alta calidade artística, sen perder nunca o sentido do humor que caracteriza o seu traballo. Son montaxes multidisciplinares que empregan o máximo de recursos teatrais e ideoloxicamente comprometidos cos valores da solidariedade, a tolerancia e o respecto.



“Embolica a granxa” (Técnicas mixtas)

A “lea na granxa” que se monta é por causa da desaparición dun ovo da Señora Galiña. Xorden desconfianza entre os habitantes do casarío e todas as olladas diríxense cara ao novo visitante: o Corvo. E xa está a lea montada!

Unha sátira, en forma de fábula, dos conflitos actuais da nosa sociedade.

Día 23.5.2010, ás 13:00 e 17:00 horas. Auditorio Multiusos da Redondela (Todos os públicos).

“Drago” (Teatro de rúa)

Tres excéntricos personaxes chegan á cidade acompañados dun estraño aparato móbil. Son tres militares desertores que vendo a absurdez da guerra á que os tiñan destinado, decidiron fuxir da barbarie co seu pequeno artefacto e vagar polo mundo contando a lenda máis coñecida do seu país: a de San Xurxo e o Dragón.

Día 22.5.2010, ás 20:00 horas. Rúas Alfonso XII — Ribeira.

Día 23.5.2010, ás 20:30 horas. Rúas Alfonso XII — Ribeira.



COMPAGNIE JATOBA (Brasil)

Logo do seu paso pola École des Arts Supérieurs de la Marionnette de Charleville-Mezières, en Francia, Eder Paiva regresou á súa orixe, recuperando o universo inxenuo do mamulengo brasileiro, unha arte tradicional que reflicte con sagacidade o ambiente do mundo rural en Brasil. Máis que un simple espectáculo escénico, trátase dun xogo popular nacido da memoria dos escravos, que emprega disciplinas diversas: música, teatro, maxia, ventriloquia . . .

“Mamulengo Jatoba” (Monicreques de luva e outros)

A historia de Jatoba, colorida e festiva, entre imaxinaria e realista, invita con moito humor a penetrar no mundo árido e feliz do Nordeste brasileiro. Non faltan os diálogos e improvisacións co público, tan queridos a este teatro de monecos tradicionais.

Día 22.5.2010, ás 18:00 e 20:00 horas. Praza da Alfóndiga.

Día 23.5.2010, ás 17:00 e 19:30 horas. Praza Reveriano Soutullo.



MARIONETAS EN LIBERTAD (Francia)

Martin Ahrens e Florence Guilbert crearon a compañía en Argentina no ano 1985. En 2000 instaláronse definitivamente en Francia. Os seus espectáculos teñen un carácter visual e musical que se adapta á marabillosa capacidade de expresión da marioneta, atravesando así as fronteiras da lingua.

“Chapeau loco” (Varias técnicas)

A historia dun día extraordinario na vida do Señor Plopo, un vendedor ambulante de chapeus. A súa Máquina sèrvelle de casa, de fábrica e tamén de tenda. Pero hoxe a Máquina ergueuse con ganas de troula e disposta a facerlle unha chea de trasnadas. Personaxes fantásticos emerxen de todas partes involucrando a Plopo en inesperadas aventuras.



Día 22.5.2010, ás 13:00 horas. Praza do Concello.

Día 23.5.2010, ás 18:00 e 20:00 horas. Xardíns da Alameda.



“Gran Circo de Liliput” (Marionetas de fíos)

Benvidos ao circo máis grande do mundo cos máis pequenos artistas!

Unha bailarina danza con graza sobre unha corda, un atleta levanta pesos enormes, os equilibristas logran pirámides vertixinosas. Números de circo enlazados ao ritmo de sons e cores latinoamericanas. ¡Pasen e vexan!

Día 22.5.2010, ás 19:00 e 20:00 horas. Xardíns da Alameda.

Día 23.5.2010, ás 12:30 e 13:30 horas. Xardíns da Alameda.

PLANSJET POPPENTHEATER (Bélxica)


Os monecos danzantes de Mieke e Chris Geris presentan de novo o seu orixinal e fermosísimo espectáculo. Son tallas orixinais de madeira confeccionadas por eles mesmos, que cobran vida ao son dos instrumentos que tocan: zanfona, gaita, frauta, tamboril... A rexión flamenca de Limbourg estará presente da súa man.

“De poppen aan het dansen” (Varias técnicas)

“A danza das marionetas”: xa o título é ben explícito do facer desta parella de artesáns, músicos e animadores de monicreques: un pastor, un pirata, un cabalo... todos danzan ao son das harmoniosas melodías interpretadas por Mieke. Tamén hai lugar para a participación e a sorpresa, con momentos de pura maxia tradicional.

Día 22.5.2010, ás 17:30, 19:30 e 21:00 horas. Praza do Concello.

Día 23.5.2010, ás 13:00 e 21:00 horas. Praza do Concello.



RODORÍN (Madrid)

O rodorín é o íntimo amaño do cascabel, o seu dente de desdentado, o que lle dá ese sorriso fanado que adoita ter, a música que lle fai compañía.

Detrás deste nome e desta definición atópase José Antonio López Parreño, un dinámico fabulador que xunta contos e monecos, oralidade e xogo, empregando contos dramatizados a través da manipulación de libros, marionetas e obxectos que utiliza de xeito paradoxal, humorístico, poético ou irónico.

“Retablillo de títeres y cuentos” (Varias técnicas”)

Trátase dun enxeñoso colaxe de contos. Son narracións curtas extraídas da tradición oral e de autores contemporáneos da literatura infantil cunha presenza importante da palabra como música: ritmo, rima, ecos, aliteracións,... E todo como un xogo con diversos elementos próximos ao mundo dos nenos: libros, monicreques e marionetas, xoguetes e obxectos cotiás, que de modo figurativo ou simbólico pasan a converterse en personaxes das historias a través da súa manipulación.

Día 22.5.2010, ás 17:00 e 19:00 horas. Praza Reveriano Soutullo.

Día 23.5.2010, ás 17:00 horas. Praza Reveriano Soutullo.



TOMBS CREATIUS (Cataluña)

Compañía de creación de xogos de madeira formada por Toni Tomás e Alfred Borrás hai máis de cinco anos. Idean, deseñan e constrúen artesanalmente xogos de rúa para todas as idades. Están feitos en madeira porque é un elemento cálido, natural, reutilizable, que permite traballalo de xeito artesanal e en equilibrio co medio ambiente.

“Colors de monstre” (Xogos de madeira)

Estas “Cores de monstre” xurdiron en 2008 por un encargo para o Festival Internacional de las Artes de Costa Rica. Alí os mellores ilustradores do país deron vida aos xogos presentados, e desa experiencia, e coa axuda do artista plástico Carles Porta, crearon esta colección ilustrada, artística e visual.

Día 22.5.2010, de 18:00 a 21:30 horas. Pista da Xunqueira.

Día 23.5.2010, de 18:00 a 21:30 horas. Pista da Xunqueira.



TITERES “POLA GORRA”

Esta é a sección do Festival que ven medrando dun xeito máis destacado.

Acollemos nela aos artistas e titiriteiros que ofrecen o seu traballo e talento como fixeron dende sempre os cómicos ambulantes: “pola gorra”

Nos seus chapeus, puchos e boinas serán benvidas as moedas e festexados os billetes!

!Colaborade con eles!



RUDI DUDI

TÍTERES ALAKRÁN



LUCÍA BLANCO



LE PETIT THÉÂTRE VERT



PÉS CEIBES

